

De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, por este anuncio notifícase o exposto no parágrafo anterior para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento, que son emprazadas para que poidan comparecer como parte interesada no citado xulgado, no prazo de nove (9) días, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2009.

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

Anuncio do 29 de outubro de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a publicación das puntuacións provisionais e a relación de excluídos do baremo aberto polo Anuncio do 1 de outubro de 2009 polo que se comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidades de fruta travesa (594410) e tuba (594429).

Rematado o prazo para presentar a solicitude e realizada a baremación dos méritos, procede a publicación das puntuacións provisionais e a relación de excluídos no taboleiro de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos departamentos territoriais e na páxina web desta consellería.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Facer públicas na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos departamentos territoriais e na páxina web desta consellería (<http://www.edu.xunta.es/profesorado/interinos-substitutos>) as puntuacións provisionais e a relación de excluídos do baremo para prazas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidades de fruta travesa (594410) e tuba (594429).

Segundo.-Publicar a relación de excluídos no anexo deste anuncio.

Terceiro.-Contra estas puntuacións provisionais poderase interpoñer reclamación no prazo de dez días naturais, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG, ante o director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2009.

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

ANEXO

Apelidos e nome	Especialidade	DNI	Causa
Cano Carteret, Oliver	Fruita travesa	32699717L	1
Sargsyan, Arsen	Tuba	X4327751W	2

Causas exclusión:

1-Non presentou titulación

2-Non ten a nacionalidade española nin é membro da CEE

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO MERCANTIL NÚMERO DOUS DE PONTEVEDRA

Edicto (111/2009).

No xuízo verbal 111/2009 acordouse notificar á parte demandada, Luis Alberto Laso Rodríguez, a sentenza cuxo texto literal é o seguinte:

«Sentenza nº 111/2009.

Pontevedra, dous de xullo de dous mil nove.

Vistos por Paula María Bermúdez Fernández, maxistrada xuíza substituta do Xulgado do Mercantil de Pontevedra número dous, os presentes autos de xuízo verbal, promovidos pola procuradora María Amor Angulo Gascón, actuando en nome e representación de *Comercial Sopinsa, S.L.*, baixo a dirección do letrado sr. González Cuenca, contra Luis Alberto Laso Rodríguez, en situación de rebeldía procesual,

Decido que acepto a demanda deducida pola representación procesual de *Comercial Sopinsa, S.L.* e, en consecuencia, condeno o demandado, Luis Alberto Laso Rodríguez, a lle pagar á demandante a suma de setecentos dous euros con vinte e dous céntimos, que producirán o xuro legal desde a data da reclamación xudicial, con imposición ao demandado do pagamento das custas do proceso».

Notifíquese esta resolución ás partes e fágaselles saber que non é firme, e ante ela cabe interpor recurso de apelación ante a Audiencia Provincial de Pontevedra, que se preparará neste xulgado no prazo de cinco días desde a súa notificación.

Así o pronuncio, mando e asino por esta miña sentenza, que se rexistrará no libro de sentenzas e da cal se expedirá testemuño para a súa unión aos autos».

Pontevedra, cinco de outubro de dous mil nove.

José Tronchoni Albert
Secretario